

INSTRUCCIÓN SUCINTA
PROVISIONAL,
QUE DEBERAN OBSERVAR LAS EMBARCACIONES
DESTINADAS
AL DESCUBRIMIENTO DE NUEVOS COMEDEROS,
PLACERES Ó BANCOS DE PESCA DE ALTURA
EN LOS MARES DE LOS DOMINIOS DEL REY

EDICIÓN COMENTADA DE
Javier López Linage y Juan Carlos Arbex



INSTRUCCION SUCINTA PROVISIONAL,
QUE DEBERAN OBSERVAR
LAS EMBARCACIONES
DESTINADAS
AL DESCUBRIMIENTO DE NUEVOS COMEDEROS,
PLACERES, Ó BANCOS
DE PESCA DE ALTURA
EN LOS MARES DE LOS DOMINIOS DEL REY

INSTRUCCION SUCINTA PROVISIONAL,
QUE DEBERAN OBSERVAR
LAS EMBARCACIONES
DESTINADAS
AL DESCUBRIMIENTO DE NUEVOS COMEDEROS,
PLACERES, Ó BANCOS
DE PESCA DE ALTURA
EN LOS MARES DE LOS DOMINIOS DEL REY

Edición comentada de
Javier López Linage e Juan Carlos Arbex



Instrucción sucinta provisional, que deberan observar las embarcaciones destinadas al descubrimiento de nuevos comederos, placeres, ó bancos de pesca de altura en los mares de los dominios del Rey / edición comentada de Javier López Linage e Juan Carlos Arbex. – Ed. facs. – Vigo : Fundación Museo do Mar de Galicia ; Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, 2005. – LVI, 35 p. : il. ; 30 cm

Reprod. facs. da ed.: Instrucción sucinta provisional, que deberan observar las embarcaciones destinadas al descubrimiento de nuevos comederos, placeres, ó bancos de pesca de altura en los mares de los dominios del Rey. Madrid : en la Imprenta Real, 1788.

D.L.

ISBN 84-95415-99-2

1. Pesca-S. XVIII-Facsímiles. I. López Linage, Javier. II. Arbex, Juan Carlos. III. Fundación Museo do Mar de Galicia. IV. Consello da Cultura Galega.

- © Do texto introdutorio: Javier López Linage
- © Do comentario ao Diario de Navegación e A Embarcación e debuxos orixinais: Juan Carlos Arbex
- © Da tradución: CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2005

- © Da presente edición: CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2005
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 952 202 Fax 981 957 205
correo@consellodacultura.org

FUNDACIÓN MUSEO DO MAR DE GALICIA, 2005
Avda. Atlántida 160
36208 Vigo
Tel. 986 247 750 Fax 986 247 748
mdom@museodomar.com

ISBN 84-95415-99-2

Depósito legal:

Producción editorial: Ediciones Doce Calles s.l.
Composición e maquetación: Servicios Integrales de Edición Távara, s.l.
Fotomecánica: Giga, s.l.
Estampación: Gráficas Muriel, s.a.
Encadernación: Ramos, s.a.

ÍNDICE

PRESENTACIONES	
<i>Alfonso Zulueta de Haz</i>	XI
<i>Francisco López Peña</i>	XIII
SOBRE O FOMENTO ILUSTRADO DAS PESQUEIRAS SETENTRIONAIS: O PRIMEIRO BARCO ESPAÑOL DE INVESTIGACIÓN PESQUEIRA (1788)	
<i>Javier López Linage</i>	XV
ANEXOS	XXXV
DIARIO DE NAVEGACIÓN	
<i>Bernardo Asteazuinzarra</i>	XXXVII
A EMBARCACIÓN	
<i>Juan Carlos Arbex</i>	XLV
PEQUEÑO GLOSARIO DE TERMOS NÁUTICOS	LI
INSTRUCCIÓN SUCINTA PROVISIONAL... (FACÍMILE)	LV

PRESENTACIONES

A publicación da *Instrucción sucinta provisional, que deberan observar las embarcaciones destinadas al descubrimiento de nuevos comederos, placeres, ó bancos de pesca de altura en los mares de los dominios del Rey*, realizada pola Fundación Museo do Mar de Galicia e o Consello da Cultura Galega, pon de manifesto a converxencia de sensibilidades en relación con feitos importantes e, como neste caso, non moi coñecidos, referentes a Galicia. Para min é motivo de satisfacción salientar a colaboración das dúas institucións nesta edición que pode abrir camiño a outras ao servizo da nosa cultura.

A *Instrucción* recolle a acción, singularmente importante e cobizosa, de dous barcos, de nomes *Descubridor* e *Explorador*, armados pola Real Compañía Marítima, empresa pesqueira galega fundada por Antonio Sáñez Reguart e Joaquín Hijosa, protexida polo conde de Floridablanca, para a investigación de novos caladoiros e a experimentación de artes de captura nos mares de Galicia. Por primeira vez en España, e quizais en Europa, un barco, o *Descubridor*, é armado exclusivamente para a investigación e a experimentación pesqueiras, no ano 1788, e deste xeito Galicia pasa a ser a pioneira nestes ámbitos, respondendo así á súa tradición mariñeira.

Como consecuencia do Tratado de Utrecht (1713) España foi expulsada dos caladoiros tradicionais de Terra Nova e do mar do Norte, polo que foi especialmente gravoso recorrer á importación do bacallau, alimento entón de primeira orde, sendo en consecuencia indispensable fomentar as pesqueiras locais, especialmente as que puidesen substituír nas súas preparacións «conservadas» tanto o bacallau curado do mar do Norte e de Terra Nova coma o arenque afumado nórdico. Nesta tarefa está a Real Compañía Marítima, que era a expresión en Galicia dunha política de Estado directamente emanada do Real Consejo de Castilla, para conseguir a substitución das importacións de bacallau e arenque afumado polo abadexo, a pescada e a sardiña, buscando as técnicas de conservación no tempo destas especies.

Esta *Instrucción* –lembremos que o ano da súa publicación é 1788– recolle o espírito da Ilustración en España, ás veces descoñecida, na época de Carlos III, tendo como especial impulsor ao conde de Floridablanca, secretario de Estado, quen, como bo ilustrado, estimulou a experimentación científica como base do progreso e para a solución dos problemas sociais.

Como presidente do Consello da Cultura Galega sinto especial pracer en colaborar coa Fundación Museo do Mar de Galicia nesta edición dun fito pioneiro e memorable na historia da actividade pesqueira de Galicia.

Alfonso Zulueta de Haz
Presidente do Consello da Cultura Galega

O século XVIII podémolo caracterizar por unha serie de conflitos e alianzas nun escenario en que o Vello Mundo, a Vella Europa, viu como os diferentes bandos unidos por intereses comúns, tanto militares coma comerciais, deixaron non só batallas senón tamén unha reformulación do acceso aos recursos e á comercialización destes.

Feitos bélicos como a Batalla de Rande en 1702, de grande impacto na ría de Vigo, cobraron unha maior relevancia e así foron transmitidos, chegando ata envoltos nunha atmosfera épica. Pero tamén foi época de grandes cambios tecnolóxicos, que na costa galega levaron a mellorar os sistemas de pesca e conservación dos peixes. Cambios non exentos de polémica, que xunto co acceso a novos mercados, en especial o Levante, levaron a sardiña galega e en especial os fomentadores cataláns a ocuparen o espazo deixado polos comerciantes do norte de Europa.

Alén do que significaron estes conflitos de interese tendentes a buscar a primacía no mundo, o século XVIII foi tamén o século dos ilustrados, que deu continuación ao chamado século de ouro español, levado a outras disciplinas. É o século das grandes exploracións marítimas, das que a nivel internacional destacan as realizadas por Sir James Cook e, como non, as expedicións de Alejandro Malaspina a bordo das corvetas *Atrevida* e *Descubierta*. Tamén aparecen as figuras dos ilustrados, como José Cornide de Saavedra, Eugenio Larruga ou Antonio Sáñez Reguart entre outros, que, levados pola corrente xeral de ampliar o coñecemento científico, tentaron tamén aplicalo para mellorar ou ben describir os métodos de captura, a industria pesqueira, as especies ou a conservación dos recursos.

Grandes estudosos, souberon tanto describir e explicar como plasmar de forma práctica fenómenos e métodos que naquel momento, por falta de medios, dificilmente poderían imaxinar en toda a súa extensión. No caso da *Instrucción* cómpre destacar o método de mostraxe, cunha grella sistemática moi semellante ás que se utilizan actualmente nas campañas de investigación oceanográfica, deseñadas segundo as técnicas máis recentes de análise estatística e por medio de computadores.

Este rigor nos métodos pero tamén o toque exquisito nos detalles, como demostran os gravados da publicación, fan destas obras un tesouro do noso acervo, do noso pasado, que fan do mar a razón de ser do Museo do Mar de Galicia. Por iso, como presidente da Fundación Museo do Mar de Galicia, non podo máis ca aplaudir a iniciativa de poñer en valor un anaco da historia da industria de maior peso socioeconómico de Galicia: a industria da pesca.

Francisco López Peña

Presidente da Fundación Museo do Mar de Galicia

SOBRE O FOMENTO ILUSTRADO
DAS PESQUEIRAS
SETENTRIONAIS: O PRIMEIRO BARCO ESPAÑOL
DE INVESTIGACIÓN PESQUEIRA
(1788)

Javier López Linage
Consejo Superior de Investigaciones Científicas



Alegoría da pesca, que ilustra a dedicatoria da obra ao rei Carlos IV. É unha das escasas láminas asinadas por Juan Bautista Bru. Antonio Sáñez Reguart, *Diccionario histórico de los artes de la pesca nacional* (1791-95)

Aínda que foi impreso, o documento obxecto desta edición é practicamente descoñecido. Só ese debe ser o motivo de que na historiografía pesqueira non se atopen, coa valoración debida, referencias ao feito náutico-pesqueiro do que esta *Instrucción sucinta* forma parte principal, posto que estamos falando do primeiro testemuño coñecido en España sobre o armamento de embarcacións expresamente dedicadas á investigación de recursos pesqueiros e á experimentación de artes. E iso, en 1788.

Certamente, a *Instrucción*, malia significar moito pola súa propia existencia, non ofrece por si mesma a operatividade que se lle debe supoñer; é máis, sabemos que afáns gobernativos lúcidos e ambiciosos na súa intencionalidade, pero escasamente dotados de medios (no máis benévolo dos casos), crearon moitos *tigres de papel*, é dicir, grandes aparellos normativos, desproporcionados con respecto ao escaso contido real do proxecto. E deles a época da Ilustración ofrece interesantes exemplos.

Pero este non é o noso caso; aínda que, certamente, as intencións –e as présas– tiñan aquí tamén un alcance moito maior ca os feitos documentados: das seis embarcacións en que se pensaba antes de aprobar a *Instrucción*, pasouse ás dúas de que nos fala esta. Non obstante, as dúas foron, sen dúbida, marabillosamente reais.

As persoas protagonistas deste feito pioneiro son: o conde de Floridablanca, como autoridade gobernativa; Jerónimo Hijosa Rodríguez, adñeirado comerciante e fomentador pesqueiro, veciño da Coruña; e Antonio Sáñez Reguart, comisionado para asuntos pesqueiros e home de confianza do conde¹.

¹ Jerónimo Hijosa era natural de Medina de Rioseco (Valladolid), onde naceu en 1723. En 1752 establécese no comercio da Coruña. Para dar relevo á súa actividade comercial, el mesmo declara que proporcionou á renda de aduanas, no período 1752-1775, a suma de 2 754 650 reais, en concepto de dereitos de importación; e á renda de Correos, entre novembro de 1764 e abril de 1775, 2 382 184 reais por fretes nos seus correos marítimos á Habana. A partir da primeira liberalización parcial do comercio indiano, en 1765, Hijosa destinou catro das súas seis embarcacións ao tráfico con Cuba (anos máis tarde unha delas, chamada *La Ninfa*, de 240 toneladas, naufragaría no canal da Bahama). [Fonte: nota impresa na que Hijosa expón estes e outros *méritos* a modo de tarxeta de presentación na Corte. S/d. Archivo Histórico Nacional (A.H.N.). Sección: Estado. Atado 3012]. Un detalle moi completo das súas actividades pódese atopar no extenso artigo de Meijide Pardo, Antonio: «Hombres de negocios en La Coruña dieciochesca: Jerónimo Hijosa», en *Revista del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*, ano III, n.º 3, 1967, pp. 85-148.

HIJOSA E SÁÑEZ, A CONVERXENCIA DE DÚAS PERSONALIDADES AFÍNS

No outono de 1787, cando Joaquín Hijosa coñece persoalmente, en Madrid, a Antonio Sáñez, xa tiña sobre si dezanove anos² de intensa dedicación aos asuntos pesqueiros, que incluían dúas experiencias moi salientables: unha, no campo que hoxe chamariamos estrutural, como fundador e dirixente do *Montepío de Pesca en Galicia* (1775); a outra, como fomentador privado de pesca e salgador innovador.

A preocupación de Sáñez Reguart polos asuntos era máis recente (databa de principios de 1780) e a unha escala máis modesta, acorde co seu papel de real comisionado en misión reservada, pero cunha dedicación tamén moi intensa.

Cando se encontran, ambos tiñan noticias positivas un do outro e o trato persoal non fai máis que, loxicamente, propiciar unha colaboración para superar as limitacións que os dous tiñan traballando por separado: no caso de Sáñez, a falta de medios para obrar *en grande*; no caso de Hijosa, un colaborador instruído e ben conectado cun personaxe de moita influencia na Corte como Floridablanca, quen viña actuando, *de facto*, como primeiro ministro desde que en 1777 substituíra ao marqués de Grimaldi.

O Montepío e a experiencia salgadora de Jerónimo Hijosa


A filosofía e tamén o sentimento que están na base da temperá creación (1775) do atípico *Montepío de Pesca en Galicia* non se poden entender correctamente sen a conflitiva irrupción que, na apracible pesqueira galega da sardiña, realizara desde había uns vinte e cinco anos un dinámico grupo de homes de negocios cataláns. Este grupo puxo en marcha innovacións importantes que chocaban frontalmente co *statu quo* da pesca galega, á marxe dos aspectos de bioloxía mariña comprometidos na disputa. Estas innovacións, basicamente, eran:

- a) Emprego de artes de arrastre de fondos desde praias (xávegas) ou, o que aínda resultaba máis polémico, desde embarcacións correndo parellas á vela (bous), que ofrecían un rendemento moito maior por unidade de traballo empregado (fosen os homes, a rede ou o barco).


As consecuencias derivadas do emprego de tales artes eran: un moi significativo aumento das capturas, unha diminución relativa do emprego e un descenso, tamén, do valor unitario do peixe. Isto, loxicamente, era moi vantaxoso para os cataláns en Galicia, que tiñan como primeiro interese alí aprovisionarse de sardiña fresca para

Antonio Sáñez naceu en Barcelona cara á metade da década de 1730. En 1763 ingresa como funcionario na renda de Correos. A partir da súa comisión real en asuntos de pesca marítima, en 1780, esta será a súa principal dedicación. O froito máis memorable do seu intenso traballo é a monumental obra (un clásico xa desde a súa aparición): *Diccionario histórico de los artes de la pesca nacional*, Impr. Viuda de Joaquín Ibarra, Madrid, 1791-95, 5 vols. Primeira reedición a cargo de Juan Carlos Arbex, editada polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 1988, 2 vols. Así mesmo é autor dunha inconclusa (e inédita) *Colección de peces y demás producciones marítimas de España, formada de orden de S.M. (...)*, abandonada cara a 1788.


² De 1768 data a presentación dun *Pliego* para establecer pesqueiras en Galicia cuxas salgaduras substituísen o bacallau inglés. En 1773 volveu insistir, esta vez con Diego Noble por parte asturiana, cunha *Representación hecha por Galicia y Asturias para el fomento de las Pesquerías*. (A.H.N. *Loc. cit.*).




Parellas de laúdes arrastrando artes de bou. Antonio Sáñez Reguart, *Diccionario histórico de los artes de la pesca nacional* (1791-95)




Despezamento dunha arte de bou mediterránea. Antonio Sáñez Reguart, *Diccionario histórico de los artes de la pesca nacional* (1791-95)




Manobra de calamento dunha xávega. Antonio Sáñez Reguart, *Diccionario histórico de los artes de la pesca nacional* (1791-95)




Sacada a terra ou virado da xávega. Antonio Sáñez Reguart, *Diccionario histórico de los artes de la pesca nacional* (1791-95)



A manobra co cerco real no interior dunha ría. Antonio Sáñez Reguart, *Diccionario histórico de los artes de la pesca nacional* (1791-95)



O cerco real das rías galegas e as súas diferentes partes. Antonio Sáñez Reguart, *Diccionario histórico de los artes de la pesca nacional* (1791-95)



Embarcación cantábrica pescando á cacea ou corricán. Antonio Sáñez Reguart, *Diccionario histórico de los artes de la pesca nacional* (1791-95)

abastecer a súa industria de salgadura no atractivo mercado da costa mediterránea española, que controlaban completamente.

b) Como as capturas de sardiñas realizadas polos cataláns cos seus propios medios non chegaban a satisfacer as súas necesidades, acudiron á compra masiva de sardiña capturada cos xeitos dos gremios galegos ou con algúns dos seus resucitados cercos reais. Non obstante, o volume de capturas obtido por estas artes galegas, o seu esforzo pesqueiro, estaba adaptado á demanda do noroeste e parcialmente a Portugal, máis ben restrinxida e rixida, que por aquelas décadas de 1750-1760-1770 controlaban os propios galegos. Por este motivo, a súbita ampliación de mercado que supoñía a demanda catalá tiña difícil resposta por parte dos pescadores galegos, tanto por unha inadecuación organizativa como por falta de fondos para financiar un novo equipamento pesqueiro. De aí que os propios cataláns non desprezasen a oportunidade para comprar tamén a man de obra local, co que introduciron o salario na pesca, é dicir, a remuneración do traballo independente das capturas; un feito de rigorosa novidade no contexto da pesca galega do século XVIII. E neste mesmo ámbito foron tamén máis alá, ao actuar como prestamistas financiando, incluso, o equipamento pesqueiro de gremios enteiros.

Cando todas estas innovacións (de grande impacto nunha sociedade tan pechada como a galega da época) se estaban argallando, a creación do Montepío debe percibirse como unha contestación galega e ilustrada ao progresivo dominio catalán do maior dos recursos mariños da Galicia do século XVIII.

Loxicamente, non é este o lugar máis apropiado para detallar a organización, as actuacións e a traxectoria do *Montepío de Pesca en Galicia*, pero si é inescusable ofrecer algúns dos seus trazos fundacionais³.

1. O seu principal obxecto é actuar como fonte de crédito para os gremios ou particulares que queiran equiparse para a pesca, exercicio que se quere abrir a todos os interesados aínda que non estean rexistrados nas Matrículas de Mar. Tamén as actividades de salgadura ou de transformación serían obxecto preferente de atención.
2. A amortización dos créditos tamén podería facerse mediante a venda ao Montepío de sardiña conservada de diferentes formas, co que esta organización contemplaba, así mesmo, unha vertente de actividade comercial propia.
3. Os destinatarios dos créditos serían unicamente os naturais das tres dioceses marítimas galegas (Santiago, Tui e Mondoñedo).

³ Este Montepío cualificámolo de «atípico» no sentido de que o seu obxecto principal non é o socorro social entendido convencionalmente (asistencia a viúvas, orfos ou enfermidades dos asociados). Foi aprobada a súa constitución por Real orde do 6 de novembro de 1775, pero as súas polémicas Ordenanzas, a pesar dos pronunciamentos favorables de Facenda, nunca foron aprobadas polo rei. A súa sede estaba en Santiago e, ademais do propio Joaquín Hijosa e de José Cornide, había dous directores máis de oficio: o subcolector de espolios e vacantes do arcebispado de Santiago e o xuíz asistente, nomeado polo arcebispo de Santiago. En termos actuais, diríamos que Hijosa desempeñaba as funcións dun xerente. As vicisitudes da súa creación e os detalles do seu interesante funcionamento (teórico) interno expóñense no manuscrito titulado *Noticia del origen y establecimiento del Montepío de Pesca en el Reyno de Galicia*, de Alejandro Vallejo, datado en Madrid o 23 de marzo de 1787. (A.H.N. *Loc. cit.*).

O sentimento que esporea os promotores é, pois, dobre: unha recuperación da reiteradamente recordada idade de ouro pesqueira en Galicia (fundamentalmente atribuída ao século XVI), combinada cunha loita para que a principal pesqueira e salgadura galegas (a da sardiña) non caese (polo menos non maioritariamente) en mans dos *fomentadores* cataláns.

Non hai dúbida de que a *alma mater* do proxecto do Montepío foi Jerónimo Hijosa, pero tamén se debe facer notar a presenza, como un dos catro dirixentes (dos que dous eran de oficio), de José Cornide Saavedra, daquela rexedor en Santiago e que acababa de publicar o seu libro sobre a pesca da sardiña e o conflito cos cataláns. Acerca disto, debemos tamén chamar a atención sobre o feito de que a dotación inicial de fondos para o Montepío, ou, o que diríamos hoxe, o capital desembolsado (un millón de reais), debía proceder dos espolios e froitos das vacantes das mitras de Santiago e Tui nun 80% aproximadamente e da de Mondoñedo no resto⁴.

Os máximos responsables da Real Hacienda (o colector xeral de espolios e o propio ministro, Miguel de Múzquiz) deron o visto e praxe ao proxecto, ás Ordenanzas e ao libramento de fondos, confirmado un ano despois pola alta autoridade política do Real y Supremo Consejo de Castilla mediante o seu gobernador, Manuel Ventura de Figueroa⁵. Con todo, houbo un obstáculo insalvable no Despacho Universal de Marina dado que o seu titular, marqués González Castejón, devolveu as Ordenanzas cun longo oficio de reparos por consideralas opostas ás omnipotentes Ordenanzas de Marina y Matrícula de Mar (tan deostadas por moitos ilustrados no que se refería á pesca)⁶. A longo prazo, estes reparos foron definitivos para que a real aprobación se demorase indefinidamente. Non obstante, mesmo en precario, o certo é que ata 1785, é dicir, durante dez anos, o Montepío estivo en actividade e aínda en 1787-88 había presións na Corte para a súa aprobación.

⁴ Os espolios eran os bens materiais de todo tipo (inmóbles ou non) que os eclesiásticos deixaban ao falecer e que no caso das altas dignidades eran especialmente importantes.


Os dereitos das vacantes (reclamados por Facenda) consistían na facultade de percibir os produtos das rendas anexas a todas as igrexas, coenxías, capelanías e calquera outro beneficio eclesiástico que vencesen sen estar ocupados polo seu lexítimo titular.

O colector xeral de espolios e vacantes era un eclesiástico a quen o rei nomeaba, con xurisdición nacional (auxiliado en cada diocese por un ou dous subcolectores), para percibir os produtos das nomeadas rendas. O devandito colector dispuña, loxicamente, de contaduría propia pero tamén de xurisdición (tribunal) á parte. Unha das súas funcións era o investimento dos produtos no auxilio das necesidades públicas e en obras de caridade. No caso do *Montepío de Pesca en Galicia* comprobamos (e paga a pena reparar no feito) que as autoridades ilustradas utilizan heterodoxamente –como corresponde á súa estirpe regalista– un instrumento fundamentalmente asistencial para fins de política económica.

O asunto, obviamente, non estaba exento de graves tensións. Isto evidénciase no feroz comentario de Gaspar Melchor de Jovellanos, habitualmente mesurado, con ocasión do pasamento, precisamente, dun arcebispo de Santiago en 1795: «Lunes 28 (de octubre). Correo: muerte del Arzobispo de Santiago, fraile ignorante y brutal, digna criatura del confesor de Carlos IV, el P. Osma, deja nueve millones y medio de reales robados a las miserias públicas, y una Memoria que las aumenta y agrava». Cfr. Jovellanos, G. M. de: *Diarios*, edición a cargo de Julián Marías, Alianza Ed., LB 83, Madrid, 1967, p. 200.

⁵ Quen, na data, era tamén colector xeral de espolios e vacantes.

⁶ As Ordenanzas de Marina y Matrícula de Mar entón vixentes databan de 1748 e foron redactadas baixo a influencia do marqués da Ensenada, durante o reinado de Fernando VI (as primeiras foran promulgadas por Felipe IV en 1625). Mediante estas Ordenanzas a actividade pesqueira só lles estaba autorizada aos dados de alta como tales no rexistro, os cales en virtude deste (así considerado) privilexio debían presentarse ao servizo da Real Armada (incluíndo misións non bélicas) cando fosen requiridos para iso. A derogación da obrigatoriedade da matrícula de mar para que a actividade pesqueira fose unha dedicación profesional libre foi, durante moitos decenios, «pedra de toque» para calibrar o talante liberal de calquera autoridade.



Abadexo (*Pollachius pollachius*)

O exemplo que o propio Hijosa conta (1788) para ilustrar o benéfico do Montepío refírese á súa actuación no caso do gremio de mareantes de Cangas; os dirixentes deste presentan ao Montepío unha «escritura de Compañía» que tiñan feita con certo prestamista particular que lles financiaba o seu equipamento pesqueiro aplicándolles un 6% polo desembolso, mais un 10% sobre o valor total das súas capturas, mais un 3% por razón dos seguros; un total, pois, do 19%:

cantidad exorbitantemente usuraria y mucho más estando el premio en aquel tiempo a sólo el 1%. De suerte que se hallaba el Gremio empeñado con el prestamista en 80 mil reales, además de otro débito de 6 mil. Para redimir esta opresión se les socorrió con 60 mil que pidieron al Monte Pío en el mismo 1777 bajo el plazo de 4 años, cuyo auxilio produjo el buen efecto de que en el siguiente de 1778 entregaron a las Arcas a buena cuenta 30 mil; y en el sucesivo de 1779 igual cantidad⁷.

No seo do Montepío o propio Hijosa, sen dúbida de forma interesada, desenvolveu un labor que pretendía ser tecnicamente innovador e moi audaz no comercial. Tratábase de conseguir una boa cura e salgadura do abadexo (*Pollachius pollachius* Linnaeus, 1758), un peixe que entón consideraban moi afín ao lendario bacallau de Terranova, do que España facía un consumo extraordinario e polo que pagaba ás nacións do Atlántico norte europeo, particularmente a Gran Bretaña, sumas elevadísimas⁸. A católica España, como é ben coñecido, non podía prescindir do peixe como alimento preceptivo durante, aproximadamente, o 36% do ano. E dado que o fresco tiña unha duración moi limitada, o seu consumo era marcadamente secundario respecto ao presentado baixo as diferentes formas de conservación tradicional. As sardiñas salgadas, os arenques e salmóns afumados e o cecial ou pescada aberta e desecada ao sol non podían competir na preferencia que o favor popular lle outorgaba ao bacallau desde o

⁷ Certamente a taxa de interese indicada por Hijosa (19%) non é estritamente correcta xa que a base sobre a que opera o 10% referido ao valor do desembarco é completamente descoñecida para nós e, en todo caso, aleatoria, polo que pode ser superior ou inferior. Non obstante, o que cualitativamente se quere dar a entender é a aplicación dunha carga desproporcionada e, polo tanto, inxusta. (Fonte: *Extracto de ideas relativas a la restauración y fomento de Pesquerías de las provincias marítimas del Septentrión*, por Antonio Sáñez e Jerónimo Hijosa, Madrid, 30 de abril de 1788, 26 páxinas. Manuscrito no A.H.N. *Loc. cit.*).

⁸ Tal afinidade (de atribución non exclusivamente española) vén confirmada polo feito de que xa na taxonomía científica entón vixente (por outra banda non homoxénea) o abadexo estaba incluído no xénero *Gadus* (como *Gadus pollachius*), o mesmo que identifica hoxe o bacallau común (*Gadus morhua*) e que dá o seu nome a toda unha importante familia, os gádidos, á que segue pertencendo o abadexo. No xénero *Gadus* Cornide inclúe tamén a pescada como *Gadus dipterygius imberbis*, sempre asociada no noso século XVIII co abadexo como especie susceptible dun curado en salgadura ao estilo do bacallau; hoxe a taxonomía sitúa a pescada noutra familia, os merlúcidos, e a especie identifícase como *Merluccius merluccius* (Linnaeus, 1758). Cfr. Cornide Saavedra, Joseph: *Ensayo de una historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia, arreglado al sistema del caballero Carlos Linneo*, Imp. Benito Cano, Madrid, 1788. Hai reedición a cargo de V. Paz-Andrade en Edicións do Castro, Sada (A Coruña), 1983.

Por outra banda, o cálculo do que España gastaba en importación de peixe conservado, basicamente imputado ao bacallau, converteuse nun tópicos entre os diversos autores que trataron temas de política económica e comercio. O

século XVI. Pero desde o ominoso Tratado de Utrecht (1713), a pesqueira española de bacallau en Terranova, outrora poderosa e pioneira, volveuse simplemente impracticable por motivos políticos. Por esa razón a substitución do bacallau importado por unha especie nacional de idéntica ou similar categoría culinaria converteuse nun pesadelo reiterado entre os arbitristas ilustrados que trataban de asuntos pesqueiros (como Jerónimo de Uztáriz, o pioneiro, Bernardo de Ulloa, Bernardo Ward, Nicolás Arriquivar e, por suposto, Antonio Sáñez) e nunha razón de Estado durante o reinado de Carlos III⁹.

Para garantir a pureza técnica do método de salgadura do abadexo, Jerónimo Hijosa fixo vir, cos seus propios cartos (1774), desde Saint Jean de Luz, ao vasco Miguel Diave, un experto na preparación do bacallau con máis de vinte anos de experiencia nas campañas francesas a Terranova. Establecido no almacén de salgadura que Hijosa tiña en Santa Uxía de Ribeira, o vasco dirixiu a preparación dunhas probas de abadexo e pescada (250 quintais), das que se enviaron unhas mostras á Corte para a súa avaliación. Esta foi favorable e ao ano seguinte (en maio) recrutáronse nese mesmo porto vasco trece operarios máis para establecerse no almacén de Santa Uxía, Bueu e no que estaba construíndo Hijosa en Porto do Son (financiado polo Montepío), coa previsión de lañar, salgar e curar de oito a dez mil quintais galegos de abadexo e pescada e de que lles ensinasen a técnica do preparado aos operarios galegos ao longo dos seis anos que durase a estadía dos franceses. As Xuntas do Montepío, reunidas en xaneiro de 1777 en Santiago, recoñecen a superioridade técnica da preparación da salga francesa do abadexo e da pescada sobre a local tradicional e deciden que os créditos do Montepío aos salgadores galegos estarán condicionados á adopción do método francés. Isto é orixe de conflitos pois en certos casos compróbase que, a pesar de aceptar a condición, na práctica séguese traballando coa rutina xa consolidada¹⁰. Segundo aseguran varias fontes, o custo

feito considerábase escandaloso polas súas consecuencias para a balanza comercial española e, sobre todo, polo desprezo que significaba para os propios recursos españois, para o fomento da súa mariñeiría (a pesca considerábase o viveiro cualificado da Armada) e, en fin, para desánimo das manufacturas de salgadura.

É inevitable a cita de Jerónimo de Uztáriz: avalía (1725) o consumo aparente de bacallau seco importado nun mínimo de 487 500 quintais casteláns (22 425 t), cun importe de 2 437 000 pesos (fortes) –48 740 000 reais de vellón–, un valor que supón o 81% do total (segundo el) importado de peixe conservado (é dicir, engadindo o salmón e os arenques afumados máis as sardiñas salpresas).

Cfr. Uztáriz, J. de: *Theoria y práctica de comercio y de marina*, Madrid (?), 1725, 595 pp. Vid. especialmente o cap. 87.

Nun *solto* anónimo e sen data, pero probablemente debido a Sáñez Reguart, calcúlase con circunspección o consumo aparente de peixe seco importado. A hipótese de poboación total coa que opera (10 000 000 de habitantes) permite que atribuíamos a súa data *circa* 1787, o que, por outra banda, coincide cos anos do noso relato. De toda a poboación, os consumidores potenciais serían o 25% (2 500 000 habitantes), os que, por todos os conceptos (vixilias, venres, témporas e coresma –descontados os venres–), consumirían ao ano 140 000 000 de libras de todo peixe seco (64 413 t).

⁹ A importante obra de J. de Uztáriz acabámola de citar na nota 8.

Ulloa, Bernardo de: *Restablecimiento de las Fábricas, tráfico y comercio marítimo de España*, Imp. A. Marín, Madrid, I (1740); II (1741).

Arriquivar, Nicolás: *Recreación política (...)*, Imp. Tomás Robles, Vitoria, 2 vols., 1779. Vid. especialmente o volume II, carta 7^a, escrita en 1769.

Ward, Bernardo: *Proyecto económico en que se proponen varias providencias dirigidas a promover los intereses de España con los medios para su plantificación*, Imp. J. Ibarra, Madrid, 1779 (escrito en 1762).

¹⁰ Anos despois, nunha carta de Jerónimo Hijosa ao conde de Floridablanca (A Coruña, 14 de marzo de 1787), expón, en ton de queixa, a causa: «(...) pero de ningún modo fue posible, no obstante a lo que se habían constituido, obligarles a que adoptasen las instrucciones de los Franceses, pues aunque en la Ordenanza se habían tomado las medidas para conseguirlo, como les faltaba el sello de la Real Aprobación, ni podíamos hacer uso de ellas, ni aunque lo hubiéramos intentado, nos hubieran obedecido». (A.H.N. *Loc. cit.*).

dos especialistas franceses e do propio funcionamento dos almacéns de salgadura ou casas de salgar rexentadas por Hijosa é financiado por este en concepto de adianto ao Montepío, co que anos despois (ca. 1780) liquidará, cun saldo favorable ao oriúndo de Terra de Campos de 200 000 reais de vellón.

Os problemas derivados de funcionar xuridicamente en precario e a guerra con Gran Bretaña, que despoboa de man de obra a costa galega, determinan que Hijosa cancele (decembro de 1779) o acordo cos franceses, que regresan a Saint Jean de Luz, excepto Jean de Bildost, que permanecerá en Porto do Son.

Antonio Sáñez na costa de Cantabria

Esta data do despedimento dos franceses de Hijosa marca, curiosamente, o inicio da comisión reservada para asuntos pesqueiros e salgaduras que o conde de Floridablanca lle concede (da renda de Correos) ao barcelonés Antonio Sáñez. Efectivamente, a finais de 1780, despois de que unhas probas de peixe curado en seco e salgado (procedentes dos ríos de Madrid e tamén mariños, obtidos na propia praza da capital), realizadas polo catalán e presentadas a varias altas autoridades, resultasen favorables, ordénase ao inquieto funcionario de Correos que se traslade a Santander ou a Laredo para realizar experiencias a maior escala e con especies mariñas, para o que recibiu instrucións minuciosas.

Pasando por alto os detalles da súa estadía na baía de Santander, lugar escollido, finalmente, por Sáñez como o seu cuartel xeral, unicamente queremos facer notar que, como resultado do seu intenso traballo ata o verán do ano seguinte (1781), o Real y Supremo Consejo de Castilla elabora un coidado *Dictamen* sobre o fomento de pesqueiras; un texto non moi coñecido (cando menos, non moi citado) pero que, como xa suxerimos, documenta que a recuperación das pesqueiras nacionais (e, en particular, as atlánticas e cantábricas), o fomento da innovación da salgadura e, desde logo, o aumento inducido da mariñeiría adquiriron rango de cuestión de Estado, suposto o enorme impacto das súas consecuencias na economía nacional, na poboación costeira e no fortalecemento da Armada¹¹.

Deixando á parte aspectos normativos moi importantes (por exemplo, os referentes á Matrícula de Mar), nos que os fiscais do Consejo se mostran liberais, parécenos oportuno entresacar un fragmento que sintetiza bastante ben o espírito co que sobre o estado da pesca nacional se informaba aos máximos responsables políticos na última década do Goberno de Carlos III.


(...) en el estado actual, según demuestra la experiencia de los tiempos de Paz y Guerra, en el Reyno sólo se pesca alguna corta porción de pescado fresco que sólo pueden tierra adentro costear las personas ricas; y una gran parte de los pescados frescos no se pueden transportar por su poca duración y consistencia, sin evidente riesgo de perderse,

¹¹ O texto de A. Sáñez titúlase *Memoria sobre el restablecimiento de Pesquerías en las Costas Setentrionales de España*, Santander, 26 de xullo de 1781.

Inmediatamente, o 11 de agosto, dátase a decisión política no texto *Dictamen del Consejo Supremo de Castilla y sus tres fiscales, manifestando a Su Magestad sobre fomento de pesquerías*, 46 pp.

A. Sáñez, en 1783, ampliará as súas ideas sobre o fomento pesqueiro, expostas dous anos antes desde Santander, nun longo documento titulado *Introducción al punto 5.º o Plan General sobre el restablecimiento de Pesquerías en las costas septentrionales, particularmente, y demás que lo permitan en España (...)*, 22 de outubro de 1783, 170 pp. (A.H.N. *Loc. cit.*)

con ruina del arriero que los condujese (...), por conseqüente es preciso salarlos, curarlos y escabecharlos, haciéndose estas operaciones complicadas y continuas con conocimiento y una práctica constante, la cual es inaccesible a los menos Pescadores matriculados que, cuando más, sabrán pescarlos pero ni tienen caudal, ciencia ni práctica de los métodos que otras Naciones emplean en salar, curar y escabechar el pescado; y de aquí resulta que, a excepción de la Sardina, Tollo y Atún, apenas se salan y benefician los pescados de nuestras costas, y los escabeches están casi reducidos al Besugo, cuya decadencia será continua e inevitable, no haciéndose la pesca un ramo industrial, favorecido, común y libre a toda la nación, sin fuero, restricciones ni gravámenes o vejaciones indebidas que sufre la Pesca en España; y por lo mismo no prospera como es notorio y lo demuestra la necesidad de introducir este alimento de las naciones extranjeras, con extracción de sumas considerables de dinero, que en lugar de enriquecer nuestras costas, circulando en los Pueblos marítimos, la debilitan incesantemente, y multiplican, con las ganancias que producen sus pescados beneficiados, el número de Marineros diestros en las extranjeras, que en los tiempos de Guerra nos hostilizan y deprimen¹².



Tollo (*Mustelus mustelus*)



Atún (*Thunnus thynnus*)

¹² *Dictamen del Consejo Supremo (...)*, 1781. (A.H.N. *Loc. cit.*).



Bacallau (*Gadus morhua*)



Ollomol (*Pagellus bogaraveo*)



Sardiña (*Sardina pilchardus*)

A estada de Sáñez en Cantabria consiste fundamentalmente nestes mesteres do fomento e perfección das pesqueiras e da súa manufactura, asociada ata finais de 1783, data a partir da que hai constancia de que van tomando corpo en Sáñez as preocupacións mariñas desde a perspectiva do naturalista¹³ e que xa non abandonará ata a fin dos seus días (ca. 1800), tratando, iso si, de harmonizalas sempre coa vertente técnico-pesqueira; á súa descrición e estudo dedicouse con intensidade ao longo de toda a costa peninsular española desde 1786 en calidade de comisario de Mariña e da inspección xeral de Matrículas.

¹³ 31 de decembro de 1783. No estado de contas que Sáñez liquida a Floridablanca trimestralmente aparece por primeira vez unha partida dedicada a custear os gastos de Miguel Cros, debuxante naturalista de orixe alemá, que a partir desas datas e ata maio de 1787 traballou con Sáñez debuxando e pintando, a partir do natural, peixes para ilustrar a obra do catalán coñecida como *Colección de los peces y demás producciones marítimas de España (...)*, deixada inconclusa cara a 1788. Esta é tamén a primeira vez que, na documentación consultada, se alude á formación desta *Colección*. Na biblioteca do Palacio Real de Madrid consérvanse 136 láminas e na do Museo Nacional de Ciencias Naturales 419.

A EMPRESA DE PESCA EN GALICIA

Con estes antecedentes é lóxico, como xa adiantabamos, o mutuo interese e complementariedade de ideais que demostraron ambas as personalidades, Hijosa e Sáñez, no seu encontro (sen dúbida propiciado por Floridablanca) no outono madrileño de 1787. Como resultado disto, quédanos constancia dunha Memoria-Proxecto onde ambos recapitulan sumariamente as súas experiencias máis notables e expoñen, en abril de 1788, un plan inmediatamente operativo para fundar o que hoxe concibiríamos como unha empresa mixta de pesca en Galicia¹⁴.

Neste documento, á parte doutras moitas ideas, Hijosa e Sáñez ponderan a variedade das especies pescadas no norte e no noroeste susceptibles de seren tratadas ao estilo do bacallau seco (unha evidente hipérbole), salientando sobre todas elas a abundancia de pescada (máis aínda que o abadexo), ao mesmo tempo que fan notar o inadecuado dalgunhas das artes tradicionais para certas especies (como as volantas para a pescada) e as insuficiencias das embarcacións pesqueiras convencionais, así como a necesidade de descubrir caladoiros de altura (segundo os parámetros da época) con seguridade¹⁵. No aspecto organizativo propoñen, ademais de consolidar o Montepío da pesca galego, fundar outro similar para as costas asturianas e cántabras, tamén con cargo aos espolios e ás vacantes das mitras de Oviedo, Santander e Burgos (esta última, nesa data, con xurisdición territorial costeira).

Na Corte, Floridablanca reacciona cunha rapidez increíble pois na Xunta de Estado celebrada dezanove días despois (en maio) expón a conveniencia de realizar ensaios de salgadura a grande escala para determinar a idoneidade, ou non, de establecer pesqueiras en Galicia participadas polo Real Erario. De calquera xeito, aproveitando este ambiente extraordinario, «despréganse todas as velas» e, exactamente un mes máis tarde, o 19 de xuño, o rei Carlos III libra 300 000 reais de vellón a través da administración de Correos marítimos (que tiñan base na Coruña) para ese obxecto. Hijosa na Coruña e Sáñez en Madrid pónense á fronte da empresa¹⁶.

O *DESCUBRIDOR*, PRIMEIRO BARCO ARMADO EXCLUSIVAMENTE PARA A INVESTIGACIÓN PESQUEIRA

Coherentemente co exposto na Memoria-Proxecto do mes de abril, resultaba primordial contar con embarcacións (pensábase en seis) propias que asegurasen a presenza de caladoiros adecuados ao longo de todo o ano, non só estacionais; de aí o seu fincapé en dar maior

¹⁴ *Extracto de ideas relativas a la restauración y fomento de Pesquerías de las provincias marítimas del Septentrión*, 1788. (A.H.N. *Loc. cit.*).

¹⁵ No documento citado na nota 14 expónse unha curiosa (por non cualificala de extravagante) idea para salvar a extrema inadecuación dos barcos da época para as faenas de pesca, especialmente en certa altura. Consistía en cinguir as dúas bandas da embarcación (neste caso, quizais, un falucho) cunha especie de rosario de barrís baleiros e pechados hermeticamente para «aguantar en la mar sin recelo de tumbar aunque haya tiempo». Segundo afirman, observouse tal práctica na revista de Inspección de Matrículas de Huelva, cando Sáñez pasou por alí.

¹⁶ En realidade, este proxecto, que xa ía tomando corpo xenericamente como «a empresa de pesca en Galicia», é o xermolo da inmediata e pomposa Real Compañía Marítima. A súa fundación como tal foi aprobada polo rei o 7 de xullo do seguinte ano, 1789, xa con Carlos IV; a Real Cédula publicouse uns meses despois (o 19 de setembro). Poucas semanas antes, xa Floridablanca previnera á Dirección de Correos para que as súas tesourarías de Madrid e A Coruña admitisen os fondos dos eventuais subscritores para o *Establecimiento de la Pesca Nacional*.

altura ás singraduras, pois pensábase que pescadas e abadexos se retiraban da proximidade da costa durante o outono e o inverno seguindo a sardiña.

No *Extracto de ideas relativo a (...) Pesquerías (...) del Septentrión* exprésase a opinión de que o tipo de embarcación máis adecuada sería o que eles chaman *falucho de Huelva* e a súa construción máis conveniente

(...) se executa en Cataluña, señaladamente en el pueblo de Areñi (Arenys de Mar), pero (...) podrían construírse en Galicia o encargárlas a Portugal, que salen máis baratos. Pero cuando no se tenga por conveniente el desembolso de ellos en nuevo para esta empresa, se presenta el recurso de fletar por la temporada algunos Pataches de Vigo, Muros, Vivero (...) o Pinazas de la Costa de Asturias (...)¹⁷.

O certo é que xa en maio dese ano (1788) se envían cartas a Ferrol (Ventura Tajonera), Vigo (Pastor Herre) e Ribadeo (Ramón Travieso), en Galicia, para que indaguen sobre a dispoñibilidade de goletas, balandras, bergantíns ou pataches. A resposta é negativa en todos os casos.

Perante tal situación, Hijosa, por medio dun dos pilotos que servira nas súas fragatas do comercio indiano, o vasco Bernardo Asteazuinzarra, acode aos seus portos favoritos do golfo de Biscaia en busca de embarcacións apropiadas. O piloto responde das súas xestións, con data do 18 de xullo, sobre a dispoñibilidade de varias *vascas* (sic) en Saint Jean de Luz (de dous anos, ao prezo de 18 000 reais) e Socoa (de seis meses, ao prezo de 26 000 reais) que nese momento estaban forasteiras con fretes pero os seus respectivos donos intentaban vendelas por mor do baixo prezo dos fretes de cabotaxe. Respóndeselle que se poña en contacto con Josep Ventura de Aranalde, comerciante de San Sebastián, quen lle adiantaría os fondos necesarios. Entrementres, en agosto, Bernardo Asteazuinzarra informa doutra *vasca*

Na Real Compañía Marítima, obviamente, están presentes como fundadores (e tamén como subscritores): A. Sáñez –director xeral perpetuo–, J. Hijosa, Joseph Ventura de Aranalde –o vello contacto de Hijosa en San Sebastián– e Thomas de Marien y Arróspide, que «gozan los honores del mismo empleo» (que Sáñez). Entre os consiliarios con sede nos portos hai que citar, pola súa coñecida traxectoria, a Antonio Raimundo Ibáñez (en Ribadeo), logo elevado ao rango de marqués de Sargadelos.

Na decisión de erixir esta compañía (Antonio Valdés, ministro de Mariña, interveu positivamente) mediu o convencemento de que era posible e desexable estender o fomento das pesqueiras aos dominios americanos, principalmente para recuperar a vella (e xa por entón decadente) pesqueira española de baleas e instaurar unha nova, como a «caza» de focas ou lobos mariños, ambas cara ás «costas de Patagonia, Islas Inmediatas y Estrecho de Magallanes».

Xa nos anos anteriores (1787-1788), por suxestión de Hijosa, se tenteara a posibilidade de establecer pesqueiras nacionais na costa de Campeche (no sur do Golfo de México) para o aproveitamento en seco do robalo ou robaliza (*Dicentrarchus labrax* Linnaeus, 1758), considerando a hipótese da súa abundancia. Pero os primeiros informes desaconsellárono por mor da baixa duración e calidade da conservación prevista a causa do inadecuado do clima, moi cálido e húmido. (Cfr. por exemplo a resposta de Diego de Gardoquí, cónsul en Nova York, a quen se lle pediu que buscase alí ou en Boston homes de confianza para unha eventual manufactura da salgadura na península de Yucatán. Carta a Antonio Valdés, 17 de abril de 1788, quen remite pola súa vez copia a Floridablanca). (A.H.N. *Loc. cit.*).

No *Diccionario histórico de los artes de pesca*, Sáñez reproduce as Ordenanzas da Real Compañía Marítima, así como a noticia da primeira das súas campañas: o envío desde Santander de dúas fragatas e dúas goletas ata Puerto Deseado para a pesca de baleas e a caza de focas (duración: de novembro de 1789 a novembro de 1791). Cfr. *Diccionario...*, *op. cit.*, tomo III, pp. 340 e ss.

En 1790 tamén se creou a Real Compañía de Pesca y Fábrica de Coral (orientada principalmente á flota catalá), con A. Sáñez á fronte. As súas Ordenanzas, así como os resultados da primeira campaña coraleira ás costas das actuais Alxeria e Tunisia, en *Diccionario*, tomo IV, pp. 335 e ss. Obviamente, as vicisitudes posteriores destas compañías forman, realmente, outra historia que non é posible relatar aquí.

¹⁷ Fonte citada na nota 7.

máis axustada dispoñible na zona de San Sebastián e que neses momentos se atopaba con frete en Santander.

Indícaselle que, se unha vez inspeccionada ao seu regreso a considera axeitada, a compre. E así foi, pois o día 10 de setembro de 1788 asínase en San Sebastián o contrato de compravenda da *vasca* chamada *San Martín*, de trinta toneladas de porte, subscrito entre o vendedor, Martín Sarrauble (ou Sarruble), residente en San Sebastián, e o comprador (por conta da empresa de Galicia), Josep Ventura de Aranalde, ante o escribán público Juan Antonio de Lozano. O prezo, 13 000 reais de vellón¹⁸.

De inmediato expídenselle instrucións para que equipe o barco, co novo nome de *Descubridor*, para o bo desempeño da súa nova misión: descubrimento e avaliación dos novos comedeiros, praceres ou bancos de pesca de altura, ensaiando artes, cebos; calibrando fondos; e lañando e salgando a bordo as especies que se consideren de maior interese comercial para substituír o custoso bacallau importado.

Asteazuinzarra aprovisionase en Saint Jean de Luz ante todo de catro lañadores-salgadores franceses (unha vella querenza de Hijosa), así como de sal (máis apropiada ca a grosa de San Sebastián para a salgadura e que servía, por outra parte, de lastre) e de anzois. De San Sebastián leva, fundamentalmente, cordoarías, liñas e outros trebellos menores¹⁹.

As últimas recomendacións chegadas desde Madrid danlles ao piloto e ao capitán total liberdade para escolleren o momento máis favorable de levantar áncora e conducir o barco á Coruña, sede da empresa, e aconséllanlles a máxima prudencia fronte ao mal tempo. E xa no ultimísimo momento chégalles unha flamante e minuciosa *Instrucción* que regula a misión, encomendada de momento só ao *Descubridor* e máis tarde a outra embarcación prevista para o mesmo fin. Impresa a finais de outubro de 1788, fixéronse douscentos exemplares encadernados en «papel xaspeado» e é, precisamente, esta primeira edición a que constitúe o obxecto principal do presente libro. Non diremos unha palabra máis sobre ela posto

¹⁸ Á parte dos seus aparellos, a embarcación inclúe un bote de seis remos. Sobre as características técnicas desta, as fontes ofrécennos dous tipos de denominacións frecuentes e indistintas: a xenérica de *vasca* e a máis precisa de *cachemarin*. E unha soa vez, con ocasión da taxación para a Real Compañía Marítima, en decembro de 1789, é denominada como *bergantín*. (A.H.N. Sec. Estado. Atado 3221). Por iso Juan Carlos Arbex, nunha nota técnica á parte, que inclúe debuxos, razoa sobre este interesante dato técnico.

En abril do ano seguinte, e repetindo o mesmo esquema (aínda que esta vez non interveñen nin Sáñez nin o piloto Asteazuinzarra), Arnalde compra en San Sebastián, por conta da Empresa de Pesca en Galicia, un bergantín de cincuenta toneladas de porte, que vai ser a segunda embarcación destinada ao descubrimento de caladoiros e tamén –cómpre dicilo– servir de transporte para a empresa. Este bergantín chamarase *Explorador*. O seu capitán é Juan Bautista de Sarría, que estaba asistido por unha tripulación mixta hispano-francesa.

A principios de decembro de 1789 ambos os buques, *Descubridor* e *Explorador*, que eran propiedade da Empresa de Pesca en Galicia (dotada de fondos en xuño de 1788), son taxados en Vigo por peritos (carpinteiros de ribeira e mestres de enxarcía e velame) e pasan a formar parte do patrimonio da recentemente creada Real Compañía Marítima (19 de setembro de 1789). A taxación do *Descubridor*, con todos os seus repostos e avíos, alcanza a cifra de 14 644 reais de vellón; a do *Explorador*, 32 643 reais. (A.H.N. *Loc. cit.* Atado 3221).

¹⁹ Para o lector curioso diremos que Asteazuinzarra aprovisionouse en St. Jean de Luz, no comercio de Alejo Pagés, de 100 anzois para bacallau, 150 para congro e pescada, 200 libras de chumbo para 50-60 chumbadas, 9 coitelos para lañar e 35 fanegas de sal. O soldo acordado cos franceses foi de corenta libras (francesas) ao mes. En San Sebastián comprou 34 pezas de cordel (de 60 brazas) para pescada e congro; 18 pezas, de calibre algo maior e igual calado, para bacallau; e 12 pezas de corenta brazas para o resto das especies. Ademais tamén mercou unha sondareza, unha corredeira, cincuenta anzois de 3ª clase, arames para pernadas e barbas de balea para *champles* de aparellos de pescada.

que por si mesma sostén un discurso realmente singular (o primeiro, a necesidade de investigar antes de encararse con recursos de natureza incerta), para deleite e ilustración do lector sensible e ao tanto das boas vetas perdidas (ou desprazadas) da Historia de España²⁰.

O piloto Asteazuinzarra saíu de San Sebastián a noite do martes 18 de novembro de 1788 con terral e chega á baía coruñesa vinte días máis tarde. Na súa derrota inaugural como buque de investigación pesqueira reaccionou con moita prudencia ante as malas caras do tempo, o que, unido á falta de ventos favorables, demorou excesivamente a súa singradura. O seu *Diario* de a bordo (transcrito deseguido) non deixa translucir ningún trazo emocional, non obstante ben podemos imaxinar con que satisfacción tería presentado na Coruña un rexistro, cando menos *catro* veces máis rápido, en recordo dos vellos tempos en que gobernaba fragatas ás nosas illas do sotavento caribeño.

²⁰ Na súa primeira campaña (1789) como barco de investigación pesqueira confirma, marca e difunde (xa que os seus resultados non eran privativos da Empresa) a presenza dun importante caladoiro de pescada a unha distancia de, aproximadamente, dez leguas ao oeste de cabo Corrubedo, hoxe coñecido como O Canto. A partir do mes de agosto de 1789 o seu capitán sería Thomas Arrarte y Sertucha.

ANEXOS

DIARIO DE NAVEGACIÓN

(1788)

Bernardo Asteasuainzarra

A EMBARCACIÓN

Juan Carlos Arbex

DIARIO DE NAVEGACIÓN
1788

Salida del Puerto de San Sebastián
con el barco de su Magestad nombrado
El Descubridor,
del porte de treinta toneladas:
su Capitán D. Bernardo Asteazuinzarra*


* Copia do Diario orixinal, enviada por Jerónimo Hijosa (A Coruña) a Antonio Sáñez (Madrid) o 3 de xaneiro de 1789. (Fonte: A.H.N. Sección: Estado. Atado 3012).

Para o recordo, rexistramos aquí a que ao parecer foi a tripulación desta viaxe e que se mantivo ata o mes de abril do ano seguinte. Por parte española, exceptuando o seu xa mencionado capitán: Francisco Gómez (práctico de costa), Vicente Cortés, Manuel de Echeveste, Domingo Vázquez (mariñeiros) e José Joaquín Aramburo (grumete). Por parte francesa: Jean Donatt (lañador), Dominique Labadie, Jean Chapitte e François Ferrè (pescadores). (A.H.N. *Loc. cit.* Atado 3221).

Día 18 de noviembre de 1788. Martes

Luego que se me dio la orden y apronté la tripulación española y francesa me hice a la vela a las 8 de la noche con destino al de La Coruña, aprovechando al mismo tiempo en hacer alguna observación, en echar algunas escandalladas a fin de reconocer sitios o comederos de pescado por lo que daré principio en el lugar que se me cita en el primer ensayo.

Luego que salí para fuera de puntas, que serían las 9, quedose el terral del SSE con el que me eché fuera, gobernando del N al NO con mar llana y tiempo de buena apariencia; me mantuve sin viento hasta las 2 de la mañana que entró el viento por el NE, fresquito, por lo que tomé dos rizo al trinquete y preparé la vela mayor chica, quitando la grande; en los mismos términos amaneció demorando a cabo de Machichaco al OSO de la aguja, distancia como 5 ó 6 leguas; a las 9 largué un rizo al trinquete; no hubo otra faena, ni menos observación por cuanto al medio día marqué al Frayle de Santoña al ONO, y a Castro al SO 1/4 O, distancia de la primera como 8 a 10 leguas y de la segunda como 6.



Derrota do Descubridor

Día 19, miércoles a 20, jueves

A medio día quedé navegando al rumbo del NO, viento galeno del ESE, mar llana. Al ponerse el sol, marqué a dicho Frayle de Santoña al SO 1/4 O y la punta del O de Santander al NO 1/4 O, distancia de la primera como 6 leguas; toda la noche tuve poco viento del SSE y SSO y amaneció tiempo claro, mar llana y poquito viento dicho; y marqué a San Martín de Arenas al SSO, distancia como 6 leguas; luego largué la vela mayor grande quitando la pequeña y el rizo al trinquete; no tuve observación al medio día y marqué a Llanes al O 1/4° NO, distancia como de 8 leguas; no tuve más novedad a Dios gracias.

Día 20, jueves a 21, viernes

Al medio día quedé navegando con el aparejo sabido, gobernando al NO, viento del SSE, poca marejada de él; al ponerse el sol marqué a la boca de Riva de Sella al S 1/4 SO y la punta del E de Gijón al NO, distancia de la primera como de 3 a 4 leguas; anocheó tiempo claro, mar dicha y viento fresquito de SE; a las 11 bajó de un semblante por el N: se recogió la vela mayor y se puso la pequeña, tomando dos rizos al trinquete; toda la noche ventó igual por dicha parte y lo mismo amaneció el que marqué a Luarca al SO 5° S, distancia de 3 a 4 leguas. El cabo de Peñas quedaba al SE 1/4 S como 8 a 9 leguas; a las 7 puse la vela mayor grande y quité la pequeña con los rizos del trinquete; pero a las diez volví a executar lo contrario por refrescar más el viento SE, con proporcionada mar del dicho [viento]. A las 12 marqué a la boca de Ribadeo, al O 1/4 SO, distancia como 6 a 7 leguas; no pude observar el sol por la inmediación a la tierra, y así concluí la singladura sin más novedad a Dios gracias.

Día 21, viernes a 22, sábado

A medio día quedé navegando al rumbo del NO y NNO, mar picada del viento a 6 millas del SE por lo que a poco rato quité toda la vela menos el trinquete sobre dos rizos, a precaución de distancia por no pasarme respecto tengo que hacer el primer ensayo del descubrimiento de bancos o comederos de pescado, siempre que permita el tiempo al rumbo de NNO de La Coruña, hasta la altura que me parezca. Al ponerse el sol marqué la punta del E de Vivero al NO 1/4 O y la Estaca de Bares al NO, distancia de la primera como 4 a 5

leguas. Anocheció tiempo fresquito del ESE y con apariencias de subsistir; mar a proporción, por lo que se tomó todos los rizos al trinquete a precaución de distancia; durante la noche ventó regular hasta las 3 de la mañana, que saltó al SSO, bonancible y luego calma; hallándome a esta hora entre el cabo de Ortegál y Cedeyra, como 4 a 5 leguas, encontré agua lama. Amaneció tiempo toldado, horizontes aplomados, mar picada del viento fresco del SSO y S; y marqué a cabo Prior al SSO, al de Ortegál al E1/4 SE, distancia de este como 2 a 3 leguas: en esta situación dirigí a tomar puerto a Estaca de Bares; largué la mayor chica sobre dos rizos, acompañando al trinquete en iguales términos; a las 12 no hubo observación, por lo que demarqué a la punta del O de Estaca de Bares al ENE, distancia como 1 legua, sin más novedad a Dios gracias.


Sigue dicho día, *sábado*

Al medio día quedé siguiendo la vuelta del E con las dos mayores; viento fresquito del S, mar a proporción y en demanda del puerto del Barquero; a las 3 monté la [isla] Coelleira y a las 5, después de varios bordos y ayudados de los remos, alcancé el sitio deseado; inmediatamente amarré a cuatro cabos y al otro día Domingo di parte a mis Directores, sin más novedad, gracias a Dios.

(Cuatro días en tierra)

Día 27 del dicho; jueves

A las 3 de la tarde, con la pleamar me hice a la vela fuera de la barra del Barquero, al fondeadero del Vicedo, a esperar la salida de noche con el terral, respecto haber buena apariencia y no poderla executar de dentro de la barra; para esto fui ayudado de una lancha de tierra, pues en los días 25 y 26 no pude conseguir sin ella; en el sitio citado del Vicedo quedé amarrado a dos cables; anocheció tiempo con buenos semblantes por lo que a las 6 me hice a la vela ayudado del viento flojito del SSO y remos hasta las 9, que monté a la Ysla Coelleira y refrescó por el SO; seguí toda la noche la vuelta del NO. Amaneció tiempo ofuscado, mar gruesa del NO y con los feos semblantes; y marqué a Cedeyra al SE, como a 5 leguas; a las 8 viré la vuelta del ESE, a buscar abrigo de los cabos de Ortegál y Cariño; a las 12 marqué al citado cabo de Ortegál al ONO, como 1 legua y viré en vuelta del NO, viento calmoso del SSE, sin más novedad, gracias a Dios.



A última fase da viaxe

Día 28, viernes a 29, sábado

Al medio día quedé seguindo la vuelta del NO, mar picada de él y el viento flojito del SSE, a las cuatro empezó a refrescar del OSO, con lluvias y feos semblantes por el NO, por lo que viré en demanda del puerto. Al anochecer entraba entre puntas y a las 8 llegué a la rada de Estaca de Bares, ayudado de los remos y barios bordos. Aquí pasé la noche sobre una ancla, habiendo sufrido durante de ella varios golpes de viento fresco del ONO y O.


Amaneció más bonancible y con apariencias de subsistir, por lo que a las 11 tiré dentro de la barra del Barquero con la marea en favor, donde llegué a las 12, y quedé amarrado a cuatro cabos, sin más novedad, gracias a Dios.

(Nueve días en tierra)

Día 9 de diciembre, martes

Al amanecer, desamarré suspendiendo las dos anclas y respecto mostraba buena apariencia del tiempo, me hice a la vela ayudado por un bote de tierra por remolque en la bajamar; largué el trinquete con viento fresquito del E al SE; a las 8 pasé la barra con mar algo gruesa del NE, en cuyo sitio despaché al bote y largué la vela mayor; a las 12 no hubo observación por lo que marqué al cabo de Ortegá al SSE, distancia como 2 leguas.

A medio día quedé navegando con las dos mayores, mar llana y viento fresquito del E, en demanda del cabo Prior; a las 4 monté a dicho cabo y se vió al mismo tiempo la torre de Hércules al O, y así seguí en su demanda. Anocheció tiempo acelajado, mar llana y viento fresquito dicho; a las 7 llegué al fondeadero de La Coruña en donde concluí la faena de amarrar, sin más novedad a Dios gracias.



A EMBARCACIÓN

Juan Carlos Arbex

NOTA Á VIAXE SAN SEBASTIÁN-A CORUÑA

O capitán Asteazuinzarra tardou case catro xornadas completas en levar o *Descubridor* desde San Sebastián ata o porto do Barqueiro, na ría de Bares. Na viaxe houbo ventos frouxos de compoñente sur, dominantes durante o inverno no mar Cantábrico. A velocidade media do buque apenas superaría os 2 nós.

Ao avistar a Estaca de Bares, o noso prudente capitán xa decidira facer unha escala na ría e dar parte. Se se demorou no porto lucense non foi por causa do tempo, senón por un fallo na loxística: os días 25 e 26 non puido encontrar un bote que o sacase, a remolque, ata mar aberto. O tempo era apracible e este atraso na saída tería como consecuencia unha considerable espera.

A fase máis complicada da viaxe ía comezar, porque dobrar o cabo Ortegal non era tarefa sinxela. A costa entre Bares e Prior é fronteira entre o océano Atlántico e o mar Cantábrico. Contra os farallóns da serra da Capelada estrélanse os mares do NO procedentes das profundidades do Atlántico norte.

O primeiro intento en alcanzar A Coruña conclúe co fracaso despois de dous días de loita contra mares contrarios. O *Descubridor* viuse forzado a virar fuxindo dun temporal do SO que xa ameazaba. Nove días estivo detido o buque no fondeadoiro do Barqueiro, ata que o vento xirou ao leste e amainou o temporal.

Navegando con ventos favorables do leste e de empopada, o *Descubridor* despregou todas as velas e chegou á Coruña en só 11 horas, a máis de catro nós de velocidade.

A EMBARCACIÓN

A imaxe do *Descubridor*, nome absolutamente apropiado co que foi rebautizado o veleiro tras a súa adquisición, esvaécese. Os documentos elaborados na compra do buque mencionan a existencia duns planos que hoxe serían para nós sumamente valiosos, pero que desapareceron. Para maior dificultade, en ningún dos papeis e documentos consultados se adorna a embarcación cun adxectivo que nos sinale unha determinada tipoloxía naval.

Debemos guiarnos, por conseguinte, polos escasos datos que aparecen no Diario de navegación e no propio documento, que non son senón raiolas na máis completa escuridade. Sabemos que o buque en anteriores singraduras se dedicaba ao comercio de cabotaxe, que tiña trinta toneladas de porte (capacidade ou arqueo) e que estaba dotado de cuberta. Tamén deducimos que levaba dous paus –trinquete e maior–, un pequeno bote e unha tripulación de nove homes (un grumete e catro estaban especializados en lañar o peixe).

A denominación *La Vasca* aparece esporadicamente cando se fai referencia ao buque nos escritos. Pode dicirnos moito se se refire a un tipo de buque característico do País Vasco ou nada en absoluto se só é un indicativo do lugar da súa construción (San Sebastián).

As manobras que efectúa o capitán, pormenorizadas no Diario de navegación, tampouco nos sacan de dúbidas. Fálase de vela maior grande e pequena, o que nos dá a entender algúns matices: que o noso capitán era extremadamente coidadoso co seu buque, que o pau trinquete levaba unha vela solitaria, que non se menciona a voz *foque* e, finalmente, que o pau maior tiña dúas velas (grande e pequena). Este último dato tamén resulta algo confuso xa que sempre se fala de substituír a vela pequena pola grande e viceversa, segundo se presente o tempo; nunca temos a sensación de que o pau maior leve dúas velas simultaneamente.

En vista de todo o anterior, podemos extraer algunhas conclusións provisionais:


- O buque é tripulado por moi poucos homes, que deben ocuparse das faenas de pesca (debe tratarse dun aparello de sinxelo manexo).
- Ademais, con só trinta toneladas, a súa eslora non superaría os quince metros (en porto manobrava grazas á axuda de oito remos).
- Por outro lado, da gran colección de nomes mariños que podían aplicarse a unha embarcación da época, como *carreo*, *zabra*, *volante*, *arruquero*, *bajel*, *esnón*, *bergantín*, *lugre*, *cache*, *goleta*, *sloop* ou *chalupa*, os autores dos diversos documentos escollen un desconcertante e familiar *La Vasca*, cargado de suxestións.

Pódese pensar que o *Descubridor* puido formar parte desa inxente flota menor de pequenos mercantes sen raza e sen *pedigree*, híbridos saídos da imaxinación dun hábil carpinteiro de ribeira, imposible de clasificar segundo os ríxidos canons da moderna tipoloxía naval. Só a figura do trincado pode acomodarse con certa folgura ás nebulosas descrições que chegaron ata nós.


Os trincados foron embarcacións clásicas do Cantábrico, dotadas de cuberta, moi rápidas e mariñeiras. Empregáronse no comercio de cabotaxe e como avisos e gardacostas lixeiramente armados. Levaban velas ao terzo no trinquete e maior, de fácil manobra; cinguían correctamente, ao tratarse de velas de coitelo, e navegaban con soltura en augas costeiras. Levaban rizos e embarcaban varios xogos de velas, xa envergadas, que eran izadas coa axuda dunha simple driza, unha en substitución da outra*.

Con todo tipo de reservas, atrevémonos a representar o *Descubridor* baixo o aspecto dun trincado e deixamos aberta a posibilidade de que novos datos poidan corroborar ou desmentir a tímida proposta que aparece nestas páxinas. É presumible, entón, que o *Descubridor* chegase ao porto da Coruña baixo o aspecto que figura nestas páxinas: un clásico trincado, unha

* As chalupas de pesca (*txalupek*), directamente derivadas do trincado, arboraban maior e trinquete con velas ao terzo. Ao pau trinquete izábanse, segundo o vento e de menor a maior: *burriketa* (mal tempo), *linjjekue* (vento duro), *matxeta* (vento medio) e *trinketa* (vento frouxo). Ao pau maior podíanse izar: *servanue* (vento duro), *linjjekue* (vento medio), *nagosijje* ou *maior* (vento frouxo). As velas menores fabricábanse en lona dura (*belie olan*).



«El Descubridor», *ex-San Martín*



*Cachemarin. Golfo de
Biscaia, 1850*

vasca. Agora ben, na «nota de gastos» remitida ao ano seguinte da viaxe (1789), a palabra *cachemarin* aparece claramente. Esta tipoloxía entra en conexión co observado no Diario de navegación e con todo o anteriormente exposto.

O cachemarin ou quechemarin era unha embarcación usual en toda a costa atlántica europea, entre Bretaña e Galicia. Empregábase no comercio de cabotaxe e, de ser un buque lento e barrigudo, evolucionou ata converterse nun veloz veleiro cara a finais do século XIX. A súa arboradura comprendía trinquete, cunha vela ao terzo; pau maior, con gabia e maior ao terzo; un longo bauprés con foque; e unha vela cangrexá (ou de *baticulo*) a popa. A superficie das velas acadaba os 250 m². É difícil relacionar un buque destas características coa *vasca* adquirida en San Sebastián. Non obstante, sábese que un veleiro recibe un nome concreto atendendo fundamentalmente á disposición da súa arboradura. Para o *Descubridor*, transformarse dun sinxelo trincado nun pequeno cachemarin non resultaría unha tarefa complicada.

Co seu novo aparello, o buque estaría mellor capacitado para realizar o seu traballo de exploración e afastarse ata 200 km da costa (o velame dun cachemarin é moito máis equilibrado ca o dun trincado, e a vela cangrexá resulta moi útil nas faenas de pesca estática xa que axuda a manter a embarcación aprobeada ao vento).

Datos posteriores, dentro do ano 1789, referidos ao momento da compra dun segundo buque –o *Explorador*– falan xa de dous bergantíns cando mencionan ambas as embarcacións. Trátase dunha nova transformación? É posible, aínda que a voz bergantín aplicábase a miúdo simplemente a calquera veleiro de pequeno porte.

En definitiva, os documentos fan alusión a tres tipos diferentes de aparello para definir un mesmo buque, e isto no curto prazo de seis ou sete meses.

Non resulta aventurado adiviñar os crebacabezas do capitán Asteazuinzarra mentres probaba os diferentes velames ata conseguir un buque operativo e adaptado ás súas necesidades: seguridade, velocidade e estabilidade durante as faenas de pesca. As artes empregadas –liñas e palangres– forzaban a inmovilidade da embarcación sobre o posible caladoiro. Para iso, e para manobrar nas estreitas rías galegas, un foque e unha vela *en candonga* resultan especialmente útiles.

PEQUENO GLOSARIO DE
TERMOS NÁUTICOS

Agua lama: Auga tranquila e aceitosa.

Bolina: Posición dun buque cinguindo o vento.

Bordos: Bordada, extensión navegada por un buque en rumbo de bolina e en calquera das dúas bandas. Danse bordos ao navegar contra o vento (gañar barlovento) e ao manobrar nunha estreita ría.

Chumbo: Peza deste metal que se coloca nos aparellos de pesca para que vaian ao fondo.

Corredera: Aparato para medir a velocidade dun buque.

Demorar: Dirección en que se observa un punto da costa ou sobre o mar respecto do compás ou do eixe proa-popa.

Derrota: Liña debuxada na carta náutica que debe seguir un buque para trasladarse dun lugar a outro.

Driza: Aparello da enxarcia de manobra co que se iza ou arría unha vela.

Escandallada: Acción de botar a sonda ou escandallo na auga.

Escandallo: Peza troncocónica de chumbo, duns catro quilos de peso, usada para medir o fondo e comprobar a súa natureza.

Falucho: Veleiro mediterráneo, con pau maior e vela latina. Izaba tamén cangrexo (mesana) e foque.

Galeno: Vento suave e apracible.

Legua: Medida equivalente a tres millas náuticas (5550 metros aproximadamente).

Liña: Sinxelo aparello de pesca consistente en cordel, chumbada e anzol.

Marcar: Demorar.

Nudo: Número de millas náuticas percorridas nunha hora (unha milla son 1850 metros aproximadamente).

Pernada: Anaco de arame que se empata ao anzol e se une ao propio cordel. Impide que o peixe seccione o aparello cos dentes.

Pinaza: Embarcación sen cuberta, forte e grande, usada como gabarra de carga nos peiraos.

Rizo: Anacos de cabo aliñados na vela que van dunha a outra relinga. *Tomar rizo* é anoalos de forma que a vela reduza a súa superficie. As velas levan entre unha e tres liñas de rizo.

Sondalesa: Cordel en cuxo extremo se amarra a sonda ou escandallo.

Terral: Vento que sopra da terra ao mar ao caer o día.

Volante: Volanta, arte de malla calada ao fondo.

Xeito: Arte de malla tipicamente galega semellante ás sardiñeiras e ás bocarteiras. Emprégase en flotación, á deriva.

INSTRUCCION SUCINTA
PROVISIONAL,
QUE DEBERAN OBSERVAR
LAS EMBARCACIONES
DESTINADAS
AL DESCUBRIMIENTO DE NUEVOS COMEDEROS,
PLACERES, Ó BANCOS
DE PESCA DE ALTURA
EN LOS MARES DE LOS DOMINIOS DEL REY

FACSIMILE

INSTRUCCION SUCINTA
PROVISIONAL,
QUE DEBERAN OBSERVAR
LAS EMBARCACIONES
DESTINADAS
AL DESCUBRIMIENTO DE NUEVOS COMEDEROS,
PLACERES, Ó BANCOS
DE PESCA DE ALTURA
EN LOS MARES DE LOS DOMINIOS DEL REY.



DE ORDEN SUPERIOR.

Madrid : en la Imprenta Real.

Año de 1788.

A consecuencia del Plan para esta empresa, de 30 de Abril del presente año, que se dignó aprobar S. M., señalando un fondo competente, se han dado las disposiciones convenientes por los Comisarios de Guerra, y de Marina, D. Gerónimo Hijosa, y D. Antonio Sañez Reguart, que lo presentaron, y á quienes está encargada: y para que en su execucion se proceda con el conocimiento, buen órden, economía y acierto que conviene á su importancia, por medio de las dos Embarcaciones, que por ahora se emplean, proponen las reglas siguientes.

*Armaménto de las Embarcaciones, su gobierno,
y destinos.*

Para descubrir si á lo largo de las costas de Galicia se hallan algunos bancos ó comederos, en que con seguridad y suficiente abundancia puedan establecerse formalmente pesquerias de Abadejo, Merluza, Congrio, Mero y otros muchos peces de escáma: Lija, Clavo, Gata, Sollo, Tollo, Mielga y otros de cuero, juntamente con la pesca de Besugo, y la de Atún, Bonito, y otros de esta clase, aprovechando las costéras de las estaciones oportu-

tunas, se destinan actualmente dos barcos de cubierta del porte de 30 á 40 toneladas, cuyas tripulaciones deberán formarse de 8 hombres de mar matriculados, un muchacho, un cocinero, y el Capitan, que ha de ser piloto de altura de conocido merito y experiencia en dichas costas.

Armádos ambos buques en los términos expuestos para las debidas observaciones y navegacion al intento, procederán al ensayo largándose á la altura de 20, 30, y si conviniere 40 leguas de tierra, en esta forma; á saber.

- 1º Ensayo de la Coruña al rumbo del Nor Nordeste.
- 2º Ensayo desde Corme al del N.
- 3º Ensayo desde Camariñas al del N. NO.
- 4º Ensayo desde dicho Camariñas otro al NO.
- 5º Ensayo desde Curcubion al del NO. O.

Y en la misma conformidad los rumbos desde los demas puertos que convenga, hasta Bayona inclusive: con la circunstancia, que se habrá de sondear de legua á legua poco mas ó menos, y ensayar al mismo tiempo si se hallare pesca.

Con esta diligencia se logrará saber si hay ó nó algun banco, y hasta qué distancia es sondable la costa.

Para el formal é importante exâmen á que van dedicados, llevarán los barcos su aguja, cartas de marear, corredéra, sondalesas y demas instrumentos de Pilotage: cordeles para todas pescas, palanques, redes de fondo y de deriva, potéras, carnadas saladas, y todo lo demas que se considere conveniente al fin propuesto: como tambien cantidad de

provisiones para permanecer en la mar algunos dias , segun lo que previene esta Instruccion.

Reglas que deben observarse para buscar los bancos de la pesca.

1.^o
Saliendo del puerto de la Coruña para dicho fin, que será á principios de Mayo , si el tiempo lo permitiere y promete bonanzas , se pondrán al Nor-Nordeste, tomando la altura que parezca conveniente , gobernando para el Sueste , volviendo de 8 , 10 , ú mas leguas , segun convenga , para el Norte , y despues al Sudueste.

2.^o

Sino encuentran banco alguno , darán el rumbo para el Norte ó Norueste 15 , 20 , 30 , ú mas leguas , y volviendo al mismo Sueste , harán igual diligencia hasta ponerse Norte-Sur con Corme que reconocerán &c.

3.^o

A este tenor , y segun dicte el conocimiento y prudencia de los Capitanes , se harán las expediciones propuestas en los cinco Ensayos anteriores ; y en cuya buena direccion , diligencia y esmero , se confia enteramente esta empresa.

4.^o

Estos conocimientos han de ser sondeando de legua á legua , como se ha dicho en el mismo En-

6

sayo 5º, con el escandallo mayor bien preparado de sebo.

5º

